



INFORMA



PROPOSTA ALTERNATIVA SOBRE A CARREIRA PROFESIONAL
PRESENTADA AO SERGAS POLA PLATAFORMA SINDICAL. 11/04/07

COMPLEMENTO DE CARREIRA

GRUPO	COMPLEMENTO ANUAL
A	2.770
B	1.850
C	1.400
D	1.200
E	1.050

(En valores 2007, actualizabeis anualmente)

ANOS DE ACCESO A CADA GRAO

Mantense a proposta de que os anos exixidos para o acceso a cada grao sexan iguais para todos os grupos. As organizacións sindicais valoraríamos en todo caso a opción dunha mínima variación en función de acadar un acordo global no resto dos componentes que figuran nesta proposta unitaria.

PROMOCIÓN INTERNA

a) Servizos prestados noutra Categoría

GRUPO	MESMA AREA FUNC	DISTINTA AREA FUNC
G (0)	90	85
G (-1)	80	70
G (-2)	70	55
G (-3)	60	40
G (-4)	50	25

Este cómputo proposto non é limitado para o acceso a graos determinados, senón que valería para acceder, no seu caso, a calquera dos catro graos da carreira profesional

b) Acceso a unha nova Categoría:

- a. En promoción interna temporal, seguir cobrando os Graos da Categoría fixa de orixe, así como computar o tempo nesa



INFORMA

situación para o recoñecemento de novos Graos, ben na categoría de orixe ben na nova á que se acceda.

- b. En promoción interna fixa, seguir cobrando os Graos da Categoría de orixe ata recoñecemento de Graos na nova; o Grao I na nova absorbe o Grao I da anterior, o Grao II da nova absorbe o Grao II da anterior, e así sucesivamente.
- c. No réxime extraordinario poderá solicitarse o recoñecemento de Graos en dúas categorías fixas (actual e anterior), aplicándose as regras anteriores sobre cómputo do tempo e absorción de Graos.

PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL

Ao peche desta negociación sobre Carreira Profesional abrírase unha nova mesa que aborde de forma global o acceso específico á CP do persoal funcionario e laboral fixo dos centros sanitarios do Sergas, en aplicación do mandato legal establecido na normativa en vigor sobre a carreira e o desenvolvemento profesional, recollidos para o ámbito dos centros sanitarios no Estatuto Marco, a Lops e a Losga. Esa mesa determinará e impulsará as modificacións ou adaptacións normativas necesarias para ese recoñecemento, que en todo caso deberá respetar as condicións sobre requisitos e cuantías xa recoñecidos para o persoal estatutario das categorías equivalentes.

Si á data do 23 de novembro de 2007 non estiveran acordadas tales adaptacións, aplicarase ao persoal funcionario e laboral que cumpla os requisitos de tempo de servizos prestados exixidos ao persoal estatutario de categoría equivalente un anticipo a conta por importe equivalente ao Grao I da CP implantada para o persoal estatutario, con efectos económicos do 1 de xullo de 2007.

PERSOAL INTERINO

O persoal que acceda á condición de fixo na Ope actualmente en execución poderá acceder ao recoñecemento da CP no réxime extraordinario implantado na correspondente categoría con efectos do 1 de xullo de 2008.

PERSOAL DA OPE EXTRAORDINARIA

O persoal afectado por este acordo de CP que accedera á condición de fixo na Ope convocada ao amparo da Lei 16/2001, poderá acceder ao recoñecemento dos Graos de CP nas mesmas datas co persoal fixo anterior a tal convocatoria.